

NON HAI ESCUSAS

25N. Día internacional da
eliminación da violencia
contra a muller.

PROGRAMA DE ACTIVIDADES 2025



Concello da Coruña

01 XORNADA SOBRE A VIOLENCIA CONTRA OS E AS MENORES: A VIOLENCIA VICARIA

- 📅 **Data:** 21/11/2025
- 🕒 **Horario:** de 9.00 a 14.00 h
- 📍 **Lugar:** salón de actos da Fundación ONCE
- 👤 **Público destinatario:** profesionais do ámbito social, xurídico, sanitario, educativo, psicolóxico, etc. Requírese inscrición previa. Daranse diplomas acreditativos de asistencia de 5 h.

Xornada formativa para tratar a violencia vicaria e falar sobre as e os menores vítimas de violencia de xénero desde tres perspectivas diferentes: a psicolóxica, para o que se contará coa presenza de Sonia Vaccaro; a sanitaria, a través de Lola Aguilar; e a Xurídica, ámbito no que contaremos coa presenza de Cira García. A xornada estará moderada por M.ª JESÚS ARGIBAY.

Sonia Vaccaro

Psicóloga con enfoque de xénero, centrada desde 1990 na prevención e asistencia ás mulleres vítimas de violencia de xénero. Asesorou como experta o Observatorio de Violencia de Xénero; asesora internacional en violencia contra as mulleres e os seus fillos e fillas. Autora de “Violencia Vicaria. Golpear donde más duele”.

Lola Aguilar

Pediatra da sanidade pública e privada. Escribiu varios artigos en torno á infancia vítima de violencia de xénero. Coautora do libro “Detrás de la pared: una mirada multidisciplinar acerca de los niños, niñas y adolescentes expuestos a la violencia de género. Foi directora técnica do Centro de Atención, Recuperación e Reinserción de Mulleres e Nenos/as Maltratados/as de Madrid.

Cira García

Maxistrada do Juzgado de Violencia sobre la Mujer de Xetafe, con máis de 12 anos de experiencia traballando en xulgados de violencia contra as mulleres. Coordinadora da Comisión de Violencia de Xénero da Asociación de Xuízas e Xuíces para a Democracia. Tamén forma parte da Rede de Persoas Expertas en Igualdade do Consello Xeral do Poder Xudicial.

02 CICLO CONVERSAS CON ENFOQUES PARA A PREVENCIÓN DA VIOLENCIA CONTRA AS MULLERES

Esta actividade ten como obxectivo promover a reflexión crítica e o compromiso comunitario fronte ás violencias machistas, con especial atención á creación de relacións sexo-afectivas sas, igualitarias e respectuosas e ao preocupante aumento do consumo de pornografía e prostitución a idades cada vez mais temperás.

2.1 AMELIA TIGANUS “ONLY FANS, PROSTITUCIÓN E PORNOGRAFÍA”

- 📅 **Data:** 02/12/2025
- 🕒 **Horario:** 10.00 h
- 📍 **Lugar:** Paraninfo da Universidade
- 👤 **Público destinatario:** alumnado de 4.º da ESO, 1.º de BAC e FP, a través da inscrición dos centros educativos

- 📅 **Data:** 02/12/2025
- 🕒 **Horario:** 18.00 h
- 📍 **Lugar:** salón de actos do Fórum Metropolitano
- 👤 **Público destinatario:** aberto a toda a cidadanía, ata completar a capacidade

Vivimos nun mundo que normaliza a violencia sexual contra mulleres e nenas baixo eufemismos como “liberdade” ou “elección”. OnlyFans, a pornografía e a prostitución non son excepcións: forman parte dun sistema que mercantiliza os nosos corpos e afonda nas desigualdades.

Esta actividade buscará desmontar os relatos que agochan a explotación sexual, visibilizar os seus impactos sobre a mocidade e as mulleres, e promover a conciencia, a educación crítica e as relacións afectivas en igualdade.

→ CONTARÁ CON INTÉRPRETE DE LINGUA DE SIGNOS

Amelia Tiganus

Oradora, escritora e activista abolicionista, Amelia é sobrevivinte da trata. Fundadora e presidenta de @emargiproyectosocial. Formadora de cursos e obradoiros de sensibilización e prevención da prostitución e da violencia sexual. Autora de *La revuelta de las putas. De víctima a activista*, e *Amelia. Historia de una lucha*.

2.2 ERICK PESCADOR

- 📅 **Data:** 03/12/2025
- 🕒 **Horario:** 10.00 h
- 📍 **Lugar:** Paraninfo da UDC
- 👤 **Público destinatario:** alumnado de 3.º e 4.º da ESO, a través da inscrición dos centros educativos

- 📅 **Data:** 03/12/2025
- 🕒 **Horario:** 18.00 h
- 📍 **Lugar:** salón de actos do Fórum Metropolitano
- 👤 **Público destinatario:** aberto a toda a cidadanía, ata completar a capacidade

Nesta conversa, abordaranse as masculinidades desde unha perspectiva crítica, analizarase como se expresan nos modelos relacionais e explorarase, en positivo, como poden construírse de maneira máis igualitaria e xusta.

A actividade desenvolverase de forma dialogada e participativa e abordará temas como a corresponsabilidade, a construción e reconstrución das masculinidades, o papel dos homes nas redes sociais, a conciliación real e equilibrada, e as sexualidades e os vínculos desde os coidados.

→ CONTARÁ CON INTÉRPRETE DE LINGUA DE SIGNOS

Erick Pescador

Sociólogo e sexólogo. Especialista en xénero, masculinidades e prevención da violencia machista. Dirixiu o Centro de Estudios de Género Masculinidades (CGM). Foi colaborador do Ministerio de Igualdade en diversos proxectos de investigación e intervención sobre masculinidades. Lidera o podcast “El submarino rojo”, onde se tratan temas relacionados coas masculinidades e as sexualidades desde unha perspectiva de xénero.

03 ESPECTÁCULO TEATRAL DIDÁCTICO: MOZAS NAS REDES

- 📅 **Datas:** do 17 ao 27 de novembro
- 🕒 **Horarios:** os establecidos por cada centro educativo
- 📍 **Lugares:** centros educativos da contorna que fagan a súa inscrición
- 👤 **Público destinatario:** alumnado 1.º e 2.º da ESO, a través da inscrición dos centros educativos do municipio

MOZAS NAS REDES é un espectáculo teatral didáctico, enfocado cara aos mozos e mozas, para reflexionar sobre as novas formas de violencia sexual que acontecen no contorno das Novas Tecnoloxías da Información e da Comunicación.

Neste espectáculo, a actriz Estíbaliz Veiga incorpora catro mozas adolescentes de diferentes estratos sociais, con diferentes aptitudes académicas e con distintas situacións familiares. Cada unha delas vai presentando como foi o momento en que foron forzadas a facer algo que non querían. Todas falan polo seu móbil, polo ordenador e tratan de atopar e distinguir cales son os seus espazos de conflito, así como os lugares de confort. Todas se relacionan con figuras masculinas que aparecen como voces en off para que só vexamos as dificultades ás que son sometidas as mozas nas redes.

04 ACTIVIDADES EDUCATIVAS NOS ESPAZOS E LUDOTECAS DE ATENCIÓN Á INFANCIA (CANGURAXE MUNICIPAL)

- 📅 **Data:** semana do 24 ao 29 de novembro
- 🕒 **Horario:** nos horarios de apertura de cada un dos espazos de atención á infancia municipais
- 👤 **Público destinatario:** nenos e nenas que utilizan os espazos

Obradoiros, diálogos, contos e reflexións sobre a intelixencia emocional explicada para nenos e nenas, que se levarán a cabo para a aprender a relacionar-se con respecto sobre os seus corpos e os seus dereitos.

05

ACTIVIDADES EDUCATIVAS NA ESCOLA

INTERCULTURAL DA UNIDADE DE ASESORAMENTO

DE MIGRACIÓNS (UAMI)

📅 Datas: semana do 24 ao 28 de novembro	👤 Público destinatario: as nenas e os nenos, desde educación infantil ata a ESO, que participan ao longo de todo o ano na Escola Intercultural
🕒 Horario: das 18.00 h ás 20.30 h	
📍 Lugar de todas as actividades: Centro Social Sagrada Familia, A Coruña	

Co obxectivo de romper estereotipos de xénero e fomentar unhas relacións sas a través da expresión artística e a cooperación e respecto grupais, a Escola Intercultural levará a cabo as seguintes actividades:

1. Asemblea e debate: Todos e todas podemos (1.º, 2.º e 3.º de educación primaria)
2. Creación de relatos curtos: Historias de mulleres valentes (4.º, 5.º e 6.º de educación primaria)
3. Investigando as Mulleres que coidan o mundo (educación secundaria)

06

ACTIVIDADES NO ESPAZO DIVERSO OBRADOIRO

TECENDO COLECTIVO: INTERSECCIONALIDADE E A

LOITA LGTBI

📅 Datas: 26 e 27 de novembro	👤 Público destinatario: poboación xeral; con inscrición previa. Limitado a 20 prazas
🕒 Horario: das 18.00 ás 20.30 h	
📍 Lugar: Centro Cívico da Cidade Vella	

No marco do 25 de novembro, o obradoiro Tecendo colectivo: interseccionalidade e a loita LGTBI contribúe a ampliar a comprensión das violencias machistas nun aspecto amplo, en que se integran as LGTBIFobias como expresión da máis cruel das desigualdades. Este obradoiro axudará por unha banda a crear alianzas intersectoriais e por outra a promover respostas colectivas contra todas as formas de exercer a violencia.

INSCRICIÓNS:

- A través de chamada telefónica
Teléfono do Espazo: 981 189 889
Horario: de luns a venres
Mañás: de 10.00 a 13.30 h
Tardes: de 17.00 a 20.00 h
- A través do correo electrónico:
espazodiverso@coruna.gal

07

ACTIVIDADES EN BIBLIOTECAS: MOSTRA “PUNTO

VIOLETA DE LECTURA, LER SUMA VIDAS”

📅 Datas: do 24 de novembro ao 8 de decembro	📍 Lugar: Biblioteca Municipal de Monte Alto
🕒 Horario: no horario de apertura da Biblioteca	👤 Público destinatario: público xeral

Utilizando a lectura como instrumento para axudar a romper os roles e estereotipos de xénero e previr a violencia de xénero, e amosando unha visión do mundo baseada na igualdade, o respecto, a tolerancia e a liberdade, a Biblioteca Municipal de Monte Alto reunirá unha selección de libros para diferentes franxas de idade.

08

ACTIVIDADES DO FÓRUM METROPOLITANO:

CICLO SEN NUMERAR

📅 Data: 28/11/2025	👤 Público destinatario: público xeral, con entrada (www.ataquilla.com)
🕒 Horario: 20.30 h	
📍 Lugar: Fórum Metropolitano Monte Alto	

Título: O escaparate

SINOPSE:
Non teñen nome nin identidade, simplemente foron creadas para seren expostas e visten as súas mellores galas ante os ollos das e dos viandantes. Teñen claro cal é a súa misión na vida e, ante todo, cal é o seu destino; o caldeiro do lixo. Limitadas pola plataforma na que están expostas, miran os días pasar quedas, orgullosas da súa finalidade na sociedade e conscientes das vantaxes estéticas que teñen respecto ás mortais; séntense superiores pero á vez saben que, tras do vidro que as separa da civilización, hai un mundo novo, distinto e atractivo ao que elas non poden acceder. Un día, unha das manequíns explota e deixa fluír a súa inqueda que a tiña martirizada: "Quero ser unha muller de verdade". Con esta confesión, ábrese a greta que cambiará o destino das dúas, medorentas de transgrediren as normas e saíren da súa zona de confort, para poderen alcanzar esa liberdade da que foron privadas por soamente existiren.

09

ACTIVIDADES NOS CENTROS CÍVICOS MUNICIPAIS:

TRABALLANDO CONTRA A VIOLENCIA DE XÉNERO

NOS CENTROS CÍVICOS MUNICIPAIS

📅 Data: do 24 ao 28 de novembro	👤 Público destinatario: alumnado de primaria e secundaria que participa na actividade de apoio escolar dentro do municipio
🕒 Horario: os horarios son os marcados pola propia actividade de apoio escolar	
📍 Lugar: centros cívicos que ofrecen a actividade de apoio escolar.	

Os centros cívicos municipais, a través das súas actividades de apoio escolar, traballarán sobre a sensibilización en materia de violencia de xénero a través de xogos, contos e faladoiros.

C.C. Castrillón

A Plataforma pola Igualdade e Contra la Violencia de Xénero do Castrillón - Urbanización Soto "PICUS" (integrada polo Centro Cívico do Castrillón, a Biblioteca Municipal, a Escola Infantil Carricanta e a súa ANPA, o Colexio Fernández Latorre e a súa ANPA, o IES Monte das Moas e a súa asociación de pais e nais correspondente, e a Asociación de Veciños Castrillón-Urbanización Soto "IAR") organizan diversas actividades:

1 COLOCACIÓN DUN LAZO PICUS E MINUTO DE SILENCIO

📅 Data: 25/11/2025
🕒 Horario: 12.00 h
📍 Lugar: monumento da praza de Pablo Iglesias
👤 Público destinatario: público xeral

2 MESA REDONDA “VIOLENCIA DE XÉNERO E VIOLENCIA VICARIA”

📅 Data: 27/11/2025
🕒 Horario: 19.00 h
📍 Lugar: salón de actos do Centro Cívico do Castrillón
👤 Público destinatario: público xeral, ata completar a capacidade

3 CONCURSO DE FOTOGRAFÍA E DEBUXO “UN 25-N DE XOGOS SEN VIOLENCIA E XOGOS EN IGUALDADE”

👤 **Público destinatario:** as bases poderán consultarse no perfil Facebook da Asociación

10

ACTIVIDADES DEPORTIVAS

Andaina

📅 Data: 25/11/2025	📅 Data: 25/11/2025
🕒 Hora: 11:00	🕒 Hora: 12:15
📍 Lugares de saída: Explanada C.D. Riazor e Frontón do C.D. A Torre. O punto de encontro será o Miradoiro do Matadoiro ás 11:30	📍 Lugar: Explanada C.D. Riazor
👤 Público destinatario: público xeral	👤 Público destinatario: público xeral

Lazo e lectura do manifesto

NON HAI

ESCUSAS

25N. Día internacional da eliminación da violencia contra a muller.

